

XORNADA

anual sobre políticas alimentarias

A industria alimentaria do futuro

Novos retos e tendencias de mercado



9 de maio de 2025
9.00-14.00 h
Edificio Politécnico
Facultade de Ciencias
Campus de Ourense

III XORNADA

anual sobre políticas alimentarias

*A industria alimentaria do futuro
Novos retos e tendencias de mercado*

9 de maio de 2025
9.00-14.00 h
Edificio Politécnico
Facultade de Ciencias
Campus de Ourense

Universidade de Vigo

Xornada

A industria alimentaria do futuro. Novos retos e tendencias de mercado

A industria alimentaria está no medio dunha transformación radical, impulsada pola Revolución FoodTech, que integra tecnoloxías emerxentes para crear un sistema alimentario máis sostible e eficiente. A automatización, a agricultura vertical e a intelixencia artificial, son algunhas das innovacións que están a redefinir a produción, distribución e consumo de alimentos a nivel global.

A automatización, coa incorporación de robots e sistemas automatizados na produción e distribución de alimentos, está a mellorar a eficiencia, reducindo custos e minimizando erros humanos nas empresas alimentarias. A agricultura vertical, coa eficiencia no uso de recursos, emerxe como unha solución innovadora para os desafíos da produción alimentaria. A intelixencia artificial, coa análise de grandes volumes de datos, está a desempeñar un papel crucial na toma de decisións, na optimización de procesos, e na mellora da calidade e seguridade dos alimentos. A medida que a industria alimentaria evoluciona, tamén o fai a conciencia social sobre a sustentabilidade.

A pesar dos avances significativos, a industria aínda enfrenta varios desafíos. A necesidade de investimento en infraestruturas, capacitación e educación é crítica para garantir que estas innovacións se adopten de maneira efectiva. Ademais, as políticas alimentarias deben adaptarse para apoiar a evolución da industria alimentaria.

Programa

9.00 h Recepción dos asistentes

9.30 h Presentación da xornada

- Javier Rodríguez Rajo. Vicerreitor do Campus de Ourense

9.45 h *A revolución FoodTech: innovación, dixitalización e sustentabilidade na nova industria alimentaria*

- Juanjo de la Cerda López. CEO de CLUSAGA.

10.15 h *Adaptación da industria vitivinícola fronte as novas tendencias do mercado. Experiencias de Bodegas Martín Códax*

- Katia Álvarez Bugarín. Enóloga das Bodegas Martín Códax.

10.45 h *A agricultura do futuro, unha realidade do presente*

- Iván García Besada. CEO de Néboda, empresa focalizada na agricultura vertical de interior.

11.15 h *Reducindo os tempos de curación en queixos e embutidos*

- Victor Lama González. CEO de Enzicas, empresa focalizada na investigación biotecnolóxica.

11.45-12.15 h Descanso. Pausa para café

12.15 h *Aplicación práctica da Intelixencia Artificial no sector alimentario*

- Roberto Fernández Molanes. Cofundador de Logicmelt, empresa focalizada nas tecnoloxías da información.

12.45 h *Papel de ANFACO como axente dinamizador da innovación e disrupción no sector mar-alimentario. Casos de éxito*

- Paula Fajardo Bernardez. Responsable adxunta da liña de Biotecnoloxía e Saúde da área de I+D de ANFACO-CECOPECA.

13.15-14.00 h Mesa redonda

14.00 h Peche da xornada

- Pedro Araújo Nespereira. Decano da Facultade de Ciencias

Información

Organizan: Beatriz Cancho Grande e Raquel Rial Otero, investigadoras do grupo Food and Health Omics

Inscripcións antes do 4 de maio: aquelas persoas interesadas en participar na xornada deben inscribirse a través do link habilitado na páxina web do grupo foodandhealthomics.es



Contacto

Beatriz Cancho Grande

+ 34 988 387 323

foodandhealthomics@uvigo.gal